



Vigo 6 de xullo de 2018

Queridas familias o curso 2017-18 rematou e anticipámosvos algúns temas do vindeiro (18-19) para que poidades ir organizando o curso 2018-19.

Na páxina web (<http://centros.edu.xunta.es/cprdonbosco/>) xa están colgadas as listas de **libros**, cuadernillos e libros de lectura para os vosos fillos-as así como as datas dos exames de setembro para os da ESO.

Como en anos anteriores poderedes adquirir os libros a través do ANPA. Tanto os libros como o chándal poderase mercar no colexio en setembro (mandarásevos unha circular en agosto con esta información e os pasos a seguir para reservar os libros.

En canto ó fondo solidario de libros agradecer primeiramente a todas as familias que donaron libros dos seus fillos-as sen que foran do préstamo.

A listaxe provisional da etapa de Primaria publicarémola na páxina web a principios da semana que ven. A listaxe provisional da ESO non ten en conta ó alumnado que se examina en setembro polo que unha vez que este alumnado devolva todos os libros haberá variacións, por isto tomade esta lista como provisional, a definitiva sairá na segunda semana de setembro. Non vos preocupedes, os libros comezarán a usarse a finais de setembro.

Ademais, na páxina web poderedes ler **A Curuxa**, unha nova edición da nosa revista. Desexamos que vos guste e disfrutedes moito da súa lectura.

Logo de estar valorando os pros e os contras decidimos modificar a xornada lectiva do alumnado da ESO para o curso 2018-19 e así conseguir sesións de clase de como mínimo 50 minutos.

Durante todo o curso (setembro-xuño) o **horario do alumnado da ESO** será:

- Luns, mércores, xoves e venres: 8.20-14.30h
- Martes: 8.20-14.20h e de 15.40-17.20h

O luns pola tarde ofreceremos actividades extraescolares para o alumnado da ESO.

Outra modificación de horario é a de **madrugadores**. Este servizo será dende ás 7:45h para que algunhas familias teñan unha mellor conciliación laboral.

Segundo o calendario escolar publicado pola xunta o 8 de xuño, as clases comezarán para **EI e EP o 12 de setembro** e para a **ESO o 17 de setembro**. No seguinte enlaces xa podedes ver como se organiza o calendario lectivo do vindeiro curso: <http://www.edu.xunta.gal/portal/calendarioescolar>

Lembrámosvos que esta semana é a última para recoller a **roupa de obxectos perdidos**.

E por último, por se algunha familia non pasou estes días polo cole, temos un **mural** pintado polo Concello de Vigo na porta do garaxe de entrada da ESO, así como nun muro interior, esta actividade terá continuidade durante o curso coa aportación dos vosos fillos-as.

Un saúdo e feliz verán!!

A Dirección